

# O vestido novo da emperatriz

## Resume da ponencia

Cuestións que queremos plantexar:

### 1. A ruptura xeracional

Constatamos que no feminismo produciuse un corte xeracional: hai un descoñecemento e unha falta de recoñecemento mutuos entre o feminismo xurdido nos anos setenta e o que está a aparecendo últimamente, vencellado a outros movementos sociais. Este corte entre xeracións non consegue máis que facer máis feble o feminismo e empobrece-lo debate.

### 2. A institucionalización e o conservadurismo

Constatamos que o discurso e a práctica feministas que naceron hai anos como discurso e práctica revolucionarias e alternativas, hoxe en día en determinados ámbitos estanse a converter en institucionais, acomodadas, conservadoras e pouco reivindicativas. Hai un discurso teórico importante, pero este discurso non chega a cuestiona-lo sistema social, político e económico actual, senón que se adapta ó mesmo. Ademais, non se fai práctica deste discurso.

### 3. As trampas da diversidade e da experiencia propia

O movemento feminista seguiu un proceso de axeitamento da diversidade no seu seo, feito moi positivo e louvable. Nembargantes, ¿o movemento de mulleres pódese aplicar infinitamente?, se a apertura cara un lado comporta exclusións por outro, ¿que hai que priorizar? Outro rasgo fundamental do feminismo é o feito de partir da propia experiencia. Hai que ter en conta que a experiencia se constrúe socialmente e se xerarquiza segundo os valores interiorizados por cada persoa e a gratificación social que dela obtemos. Dado que ser lesbiana é unha estigma e que, polo tanto, a falta de autoestima en relación coa condición lesbiana é moi forte, a menudo vemos que dentro do movemento feminista as cuestións referentes ás lesbianas se obvian ou quedan relegadas a un segundo termo, incluso por parte de mulleres que teñen conciencia do seu lesbianismo.

### 4. Outra trampa: o asemblarismo e as relacións de poder

¿É certo que o xeito de organizarnos é realmente asemblearia, igualitaria e non xerarquizada? ¿Que fan coa autoridade as mulleres ás que se lles outorgou? ¿convértena en poder? ¿son feministas as relacións de poder?

### 5. As relacións entre o feminismo e o lesbianismo

As lesbianas loitamos por dereitos ligados ás relacións heterosexuais, como é o caso do divorcio e do aborto. Se ben cremos que a reivindicación dos dereitos non é máis que un erro necesario, hoxe aínda temos que loitar pola equiparación legal das lesbianas coas heterosexuais. ¿Que papel xoga o feminismo nesta loita?

### **Grup de Lesbianas Feministes**

[www.lesbifem.org](http://www.lesbifem.org)

2000